

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 18 de outubro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día dezaioito de outubro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.653).- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 12.07.2010.

Apróbase a acta da sesión ordinaria do 12.07.2010 . Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1.654).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1667/11 E 2155/11.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe proposta da traballadora social responsable do Programa, do 5.10.2010, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a Pilar González Caride. Expte. 1667/11..
- D. Armando Docampo Estévez. Expte. 2155/11

3(1.655).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO, ADXUDICADO Á EMPRESA CLECE, S.A. EXPTE. 38732/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 26.08.2010, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 20.09.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 6.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Modificar o contrato de prestación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo, adxudicando a empresa CLECE, S.A., por acordo a XGL de data 22 de maio de 2009, por aumento do número de horas de prestación do servizo para o período setembro a decembro de 2010.

2º.- O importe da modificación é de 940.285 euros, que poderán ser imputadas á partida 32310.227.99.01 do vixente presuposto.

3º.- Previamente a formalización da modificación do contrato CLECE S.A., deberá constituír garantía definitiva por importe de 43.531,71 euros.

4(1.656).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ENTIDADE VIDA DIGNA-CONVENIO. EXPTE. 54795/301

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica responsable de Benestar Social, do 30.07.2010, co conforme da concelleira delegada de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 23.09.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Entidade Vida Digna por un importe total de 10.000 euros, con cargo á partida 2310.4890012 –Convenio Vida Digna-.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade Vida Digna, colaboradora co Departamento de Benestar Social, para a atención das necesidades básicas do comedor social

para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras actividades, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención.

3º.- Aprobar o gasto total de 10.000 euros a favor da Entidade Vida Digna, CIF G36884708, con cargo á partida 2310.4980012 –Convenio Vida Digna-, correspondendo a cantidade de 5.000 euros ao orzamento de 2010, e 5.000 euros ao orzamento de 2011, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Entidade Vida Digna.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE
BENESTAR SOCIAL E A ENTIDADE VIDA DIGNA**

Vigo, de de 2010

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,

Doutra parte Don Roberto Goitia Crespo, DNI X0218792Q como presidente da Asociación Vida Digna de Vigo, NIF G36884708, e enderezo a efectos de notificación na rúa Vázquez Varela nº 21 Baixo de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

M A N I F E S T A N

I- Que a Entidade Vida Digna ten como obxectivo a obtención , almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a centros asistenciais que teñan como fin axudar aos necesitados para o seu total desenvolvemento. A Entidade Vida Digna dedícase á atención das necesidades básicas das persoas en situación de emerxencia social, proporcionándolles alimentación os fines de semana durante todo o ano . Ademais, a Entidade Vida Digna constitúe un recurso social, dentro do sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

II- O concello de Vigo e coñecedor do incremento das necesidades dos colectivos de persoas e situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir en unhas condicións minimamente dignas. Ademais o Concello necesita este recurso como complemento do seus programas de emerxencia social. Este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais", sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 di que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións

solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 di : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 di: Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención articúlase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraposición económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentación os fines de semana.

IV- Que a entidade Entidade Vida Digna non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Entidade Vida Digna, o Concello de Vigo e a dita entidade Entidade Vida Digna, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Entidade Vida Digna comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en situación de emerxencia social ou rico de exclusión como comedor social os fines de semana durante todo o ano.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Entidade Vida Digna unha subvención para o exercicio 2010 por importe de 5.000 euros co obxecto de levar a cabo a atención de comedor social para persoas con necesidade durante os fines de semana durante todo o ano. Para o ano 2011, o importe da subvención a conceder será de 5.000 euros.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2011.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 10.000 euros, dos cales 5.000 irán con cargo ao orzamento de 2010, e 5.000 con cargo ao orzamento de 2011.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2010 e 2011, efectuaranse do seguinte xeito:

- ✗ No ano 2010, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2011, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*
- ✗ O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria*

anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Entidade Vida Digna e dous técnicos deste Concello.

.

Oitava.-

A Entidade Vida Digna comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Novena.-

Entidade Vida Digna poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello de Vigo

Décima.-

Para a xustificación do ano 2010, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2011 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2011, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2012. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; os xustificantes de pago dos gastos efectuados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas

● *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- 2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.*
- 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 4. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2010 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2011 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que

poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionado, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

5(1.657).- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS Ó SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA MUNICIPAL DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 7285/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 8.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L.

Segundo.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, CEPSA COMERCIAL NOROESTE, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.255, 18 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(1.658).- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS Ó DESEÑO DE PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2011. EXPTE. 3477/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- La Fiesta escénica S.L.

2º.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

7(1.659).- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS Á VIXILANCIA DE CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 1976/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 15.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1º.- Securitas Seguridad España, S.A. (91 puntos)
- 2º.- Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, S.A. (48,53 puntos).

2º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Securitas Seguridad España, S.A. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Securitas Seguridad España, S.A., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 664,94 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(1.660).- APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REMODELACIÓN DA ZONA DE QUECEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 9824/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REMODELACIÓN DA ZONA DE QUECEMENTO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO MEIXOEIRO, redactado polos arquitectos, D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, D^a. Paula Costoya Carro e D^a. Mónica Freire Garrido de Naos 04 Arquitectos, SLP, que ten un orzamento base de licitación de 58.999,99 €, co seguinte desglose: orzamento base de 49.999,99 € e 9.000 € IVE.

9(1.661).- APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MELLORA NO PAVILLÓN DE LAVADORES. EXPTE. 9825/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA NO PAVILLÓN DE LAVADORES, redactado polos arquitectos, D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, D^a. Paula Costoya Carro e D^a. Mónica Freire Garrido de Naos 04 Arquitectos, SLP, que ten un orzamento base de licitación de 119.999,99 €, co seguinte desglose: orzamento base de 101.694,91 € e 18.305,08 € IVE.

10(1.662).- AMPLIACIÓN DO IMPORTE CONSIGNADO PARA A “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2010. EXPTE. 9351/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Deportes, co fiscalizado e conforme da xefa do servizo de Fiscalización, do 14.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a ampliación do importe inicialmente consignado para a “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES

DEPORTIVAS PARA O ANO 2010”, na cantidade de 164.500,00 €, co fin de atender ás necesidades das entidades deportivas da cidade, en canto á organización de eventos e actividades deportivas para este ano 2010, quedando o total da convocatoria fixado na cantidade de 364.500,00 €.

2º.- O devandito incremento financiarase con cargo á partida 3410.489.00.01 SUBVENCIONS EVENTOS DEPORTIVOS, do orzamento de gastos en vigor.

11(1.663).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE SETEMBRO 2010. EXPTE. 7307/306.

Dáse conta, pola xefa do servizo de Medio Ambiente o 13.10.2010, co conforme da concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, dos expedientes de contratación de gasto menor do mes de setembro de 2010.

EXPTE.: 7307/ 306		- CONTRATOS MENORES -		Setembro 2010			
Expte	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7290/ 306	1720.210.00.00	CMOBR	Reparación da pasarela existente entre a Avda. Citroën e os xardíns de Pablo Iglesias	Hidroscivil, SL	14/ 09/ 2010	22/ 09/ 2010	16.999,92 €
7331/ 306	1720.210.00.01	CMSUB	Panéis informativos de conducta e postes de madeira rústica para sinalar e delimitar o brañal de A Bouza	Novocontorno, SL	23/ 09/ 2010	28/ 09/ 2010	6.223,20 €
7302/ 306	1720.227.99.00	CMSER	Reportaxe fotográfico no entorno do río Lagares	Paulino J. Rguez. Villar	09/ 09/ 2010	15/ 09/ 2010	354,00 €
7330/ 306	1720.227.99.00	CMSER	Reportaxe fotográfico o día 26 de setembro no areal de A Punta polo desenvolvemento de “Coñecendo a nosa ría”	Paulino J. Rguez. Villar	23/ 09/ 2010	24/ 09/ 2010	472,00 €
7321/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Contratación de monitores para explicación e coordinación da solta de especies do programa “Coñecendo a nosa ría”	Hidria Ciencia, Amb y Dilo SL	20/ 09/ 2010	22/ 09/ 2010	1.486,80 €
7322/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Actividade de vela lixeira e kayak con embarcacións de apoio para o desenvolvemento programa “Coñecendo a ría”	Rubén Martínez Novo	20/ 09/ 2010	22/ 09/ 2010	2.773,00 €
7323/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Elaboración e impresión exemplares da ría de Vigo para os participantes do programa “Coñecendo a nosa ría”	Manuel E. García Blanco	20/ 09/ 2010	22/ 09/ 2010	3.776,00 €
7306/ 306	1720.227.99.08	CMSUB	Subministración do avituallamento aos participantes nas rutas nocturnas do Camiño a Camiño	Oscar Rguez. Campo	23/ 09/ 2010	28/ 09/ 2010	2.359,59 €
7135/ 306	1720.624.00.00	CMSUB	Adquisición dun vehículo para o servizo de Medio Ambiente	Comercial Automoto, SA	22/ 09/ 2010	24/ 09/ 2010	20.850,01 €

12(1.664).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “FEAFES GALICIA” PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL, NA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 7360/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 6.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Medio Ambiente, e co informe do letrado asesor do 13.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar conformidade ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO.CONCELLO DE VIGO E «FEAFES GALICIA» PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL, NA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, co texto final que consta no expediente nº 7360/306.

2º.- Facultar expresamente á Concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo para o asinamento deste convenio.

3º.- Notificar o presente acordo, en legal forma, a «FEAFES GALICIA».

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E «FEAFES GALICIA»
PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON
ENFERMIDADE MENTAL, NA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE.*

En Vigo, de 2010.

COMPARECEN

Dunha parte, D^a. M^a Jesús Lago Rey, concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo do Excmo. Concello de Vigo, na representación legal que ostenta e de acordo coa delegación conferida pola Alcaldía-Presidencia o 05.07.2007, asistida polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte, D. José Ramón Girón García, titular do DNI nº 33.214.346-T, en calidade de presidente de «FEAFES GALICIA» (Federación de asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia), con CIF nº G-15.545.353, domiciliada na rúa Galeras nº 13 de Santiago de Compostela, CP 15705, segundo así se acredita coa certificación expedida polo secretario da Federación o 28.04.2007 en relación coa asemblea xeral extraordinaria celebrada o 28.04.2007.

Os comparecentes recoñécense a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

1. O artigo 9.2 da Constitución española de 1978 establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, así como facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

2. Os municipios, no ámbito da súas competencias, están legalmente facultados para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, ostentan competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social (Arts. 25.1, 25.2.k] LRBRL e 80.2.k] LALGA).

Así, de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre as obrigas asumidas polos concellos nesta materia, inclúese a de colaborar no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados por entidades de iniciativa social.

3. Por outra banda, os municipios teñen tamén atribuídas competencias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materia de protección do medio ambiente (Arts. 25.2.f] LRBRL e 80.2.f] LALGA), servizo

considerado de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Art. 26.1.d] LRBRL e 81.d] LALGA).

4. «FEAFES GALICIA» é unha entidade eminentemente social e sen ánimo de lucro fundada en 1995 co obxectivo de actuar como representante dos dereitos e necesidades do movemento asociativo das persoas con enfermidade mental. Conta con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordenamento xurídico.

5. Ambas as dúas partes manifestan o seu común interese en acadar a inserción laboral das persoas con enfermidade mental, reforzando a súa autonomía persoal a través da toma de decisións así como a súa capacidade para desenvolverse e realizar tarefas axeitadas que poidan resultar útiles para a sociedade.

En consecuencia, acordan formalizar este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO.

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Vigo e «FEAFES GALICIA» para a execución dun proxecto de inserción laboral de persoas con enfermidade mental, orientado ao incremento da súa autonomía persoal, realizando tarefas auxiliares de limpeza na braña de Muíños-Goberna, no termo municipal de Vigo (achégase como Anexo).

II. TRABALLOS POR REALIZAR.

II.1. As persoas seleccionadas por «FEAFES VIGO», en número máximo de 15, realizarán traballos auxiliares de colaboración na limpeza da braña de Muíños-Goberna, situado no termo municipal de Vigo, baixo a supervisión directa dun monitor da propia Federación e a superior dirección dos servizos municipais, dende o día 20 de outubro ao día 3 de novembro de 2010, de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 h.

II.2. Os traballos realizaranse na braña de Muíños-Goberna.

III. COMPROMISOS QUE ASUME «FEAFES GALICIA».

III.1. «FEAFES GALICIA» realizará a selección das persoas participantes neste proxecto e designará a aquela que asuma a función de monitor.

III.2. Será tamén da súa conta o transporte das persoas participantes, os medios materiais precisos para a execución dos traballos auxiliares de limpeza, a subscrición dos seguros de todo tipo que sexan necesarios para este persoal conforme a Lei, sen que o Concello asuma ningunha obriga ao respecto.

IV. COMPROMISOS QUE ASUME O CONCELLO DE VIGO.

IV.1. O Concello de Vigo sinalará, dentro da braña de Muíños-Goberna, os espazos que deberán ser obxecto dos traballos auxiliares de limpeza.

IV.2. A subscrición deste convenio non supón relación contractual laboral ou de calquera outro tipo entre o Concello de Vigo e a Federación ou coas persoas participantes no proxecto.

IV.3. O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso distinto dos sinalados anteriormente.

V. COMISIÓN MIXTA.

V.1. Para a aplicación e desenvolvemento do acordado así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ao longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por un representante do Concello de Vigo, do Departamento municipal de Medio Ambiente, e outro representante de «FEAFES GALICIA».

V.2. De persistir as discrepancias entre as partes, estas serán resoltas pola Alcaldía; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdicionais que en Dereito procedan.

V.3. A Comisión reunirse cantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes.

VI. NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE.

VI.1. Este convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, en virtude do artigo 4.1.d) e 2 do dito texto legal, polo cal queda fóra do seu ámbito de aplicación e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

VI.2. Sen prexuízo da obriga da intervención previa da Comisión Mixta e das facultades recoñecidas á Alcaldía, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

VII. RESOLUCIÓN:

Serán causas de resolución deste convenio, o incumprimento grave de calquera das súas estipulacións, o cumprimento íntegro do seu obxecto e o mutuo acordo das partes.

VIII. VIXENCIA DO CONVENIO:

Este convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ao que se refire, que se levará materialmente a cabo entre os días 20 de outubro e 3 de novembro de 2010

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente Convenio no lugar e data expresados no encabezamento.

13(1.665).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE RODRÍGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, S.L.P., EN RELACIÓN AOS GASTOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DUNHA PINACOTECA. EXPTE. 5488/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 23.04.2010, co conforme do delegado de Patrimonio Histórico, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 22.09.2010, e co informe Interventor Xeral do 5.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extrajudicial de crédito a favor de RODRÍGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, S.L.P., co CIF B-36.935.005, en relación aos gastos de redacción do proxecto básico e de execución do proxecto de rehabilitación dunha pinacoteca, por importe total de 171.506,00 € (IVE incluído), consonte coa factura nº 7 de data 02/03/2010, con

cargo a partida FEESL/3360.622.00.55 “PROXECTO DE REHABILITACIÓN PARA UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA”, correspondente aos orzamentos municipais da Concellería de Patrimonio Histórico para o exercicio 2010.

14(1.666).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL NO MES DE AGOSTO 2010. EXPTE. 20127/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión, do 4.10.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 5.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.548,88 €. correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras-O.S.P.I.O, Mobilidade e Seguridade, Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Cemiterios, Benestar Social, Museo Castrelos, Parque Móbil e Inspección de Tributos, correspondentes aos meses de xullo-agosto e setembro 2010, aínda que tamén se inclúen algúns de meses atrasados con cargo á clasificación económica do orzamento 2312000 -Gastos de Locomoción.

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	254,22
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.102,92
1330	Mobilidade e Seguridade	600,78
9220	Conserxería	581,21
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	205,56
1640	Cemiterios	13,68
2310	Benestar Social	16,72
3330	Museo de Castrelos	43,32
9222	Parque Móbil	604,18
9310	Inspección de Tributos	2.126,29
	TOTAL	6.548,88

15(1.667).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS NOS MESES DE ABRIL-AGOSTO 2010. EXPTE. 20081/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de RR.HH, do 5.10.2010, co conforme da xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 5.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de ABRIL e AGOSTO-2010 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-

GRATIFICACIÓNS, que se abonará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Central (Patrimonio Histórico)	De José A. Comesaña Davila a Florentino Prieto Domínguez	Abril-2010	105'00
Parque Central (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Abril-2010	36,00
Parque Central (Medio Ambiente)	De Comesaña Davila, José A. A Alonso Alonso, Miguel Angel	Marzo e Abril-2010	597'00
Parque Móbil	De José Luis Amoedo Moreira a Florentino Prieto Domínguez	Abril-2010	299'15
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Ramón Vázquez Rial	Abril-2010	130'00

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
OSPPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero-Gil Delgado	Abril-2010	180'00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Abril-2010	39'30
Alcaldía (Condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Agosto-2010	294'00
Bombeiros (oficina)	Palmás Calvar, Mª Luz	Abril-2010	31'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Alberto Villar Gutierrez	Agosto-2010	479'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Abril-2010	379'00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Agosto-2010	78'00
Administración Tributos	Mª Rita Rielo Franco	Abril e Maio-2010	95'70
Policia Local Xulgados	De Pablo Antepazo Brun a José Manuel Verde Vieitez	Agosto-2010	88'00
Policia Local Horas en exceso	De Manuel F. Aguado Taboada a Juan Guillermo Vivero Mijares	Agosto-2010	502'30
Conserxería	De Fernando Fernández Amil	Abril-2010	68'00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Marzo a Abril-2010	49'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 31.803'49 € (TRINTE E UN MIL OTOCENTOS TRES EUROS CON COARENTA E NOVE CÉNTIMOS).

16(1.668).- DAR CONTA DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO E PROPOSTA DE ACORDO CON SANCIÓN CONTRA O FUNCIONARIO MANUEL BARCIA COLLAZO. EXPTE. 19339/220.

Dáse conta da proposta de acordo con sanción da instrutora do expediente disciplinario, do 4.10.21010, que di o que segue:

“ASUNTO: PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO Nº 19.339/220

Finalizada a tramitación do procedemento disciplinario seguido por esta Administración contra o funcionario D. Manuel Barcia Collazo, con nº de persoal 5.635, incoado por Decreto do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 18/02/2010, e en estrita aplicación do preceptuado no artigo 27 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, esta Instrutora formula a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO CON SANCIÓN

Resultando: que por Decreto do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 18/02/2010 foi incoado expediente disciplinario ao funcionario D. Manuel Barcia Collazo, con nº de persoal 5.635, aos efectos de depurar as responsabilidades disciplinarias que puidesen concorrer en relación coas feitos denunciados polo funcionario municipal D. Fernando Santaló Rodríguez, consistentes nunha presunta agresión física e verbal cometida por parte do funcionario obxecto de expediente e denunciada polo presunto agredido en escrito de data 30/09/2009;

Resultando: que na tramitación do procedemento foi seguido en todo momento o procedemento disciplinario recollido no Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación ao persoal ó servizo das Administracións Locais, tendo sido respectados os dereitos constitucionais de audiencia, contradición e defensa, como pode observarse no expediente administrativo; tendo sido formulado e notificado o prego de cargos, e presentándose alegacións ao mesmo en escrito de data 22/09/2010 (documento nº 100121666), no que o Sr. Barcia Collazo manifesta a conformidade cos cargos que se lle imputan, solicitando igualmente que se dite resolución conforme ao contido do citado prego;

Considerando: Que os feitos probados ao longo da tramitación do expediente administrativo nº 19.339/220, resultan ser constitutivos dunha **falta disciplinaria leve**, consistente na incorrección co público, superiores, compañeiros ou subordinados, sancionable con apercibimento ou dedución proporcional de haberes nos termos do disposto no artigo 8.3 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia; feitos consistentes na **desconsideración verbal** –con ameaza de agresión física- cometida polo Sr. Barcia Collazo no marco dunha discusión co Sr. Santaló Rodríguez, como así consta nas actas de declaración das testemuñas obrantes no expediente, sen que puidese resultar probada a agresión física, non constando á data de hoxe parte de lesións ou documento equivalente acreditativo da agresión presuntamente sufrida, non manifestando ningunha das testemuñas citadas ter presenciado a presunta agresión indicada;

Considerando: que por esta Instrución estimáronse as especiais circunstancias clínicas e persoais do funcionario D. Manuel Barcia Collazo, recollidas en informe médico de data 19/10/2009 aportado ao expediente administrativo polo expedientado, provocando que, en aplicación dos principios de Dereito Penal de aplicación do *in dubio pro reo* e principio de proporcionalidade, a sanción a impoñer deba de selo na súa modalidade menos gravosa para o expedientado, toda vez que se trata dunha falta leve;

Considerando: que as alegacións presentadas polo interesado en escrito de data 22/09/2010 (documento nº 100121666) non desvirtúan as acusacións contidas no prego de cargos, manifestando a súa conformidade co mesmo;

Observando o disposto no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 157/2004, así como o Real Decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, de aplicación supletoria aos funcionarios ó servizo da Administración Local; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; e vista a competencia que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto ao réxime disciplinario dos funcionarios públicos segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, pola funcionaria instrutora

PROPONSE:

“PRIMEIRO.- Declarar ao funcionario municipal D. Manuel Barcia Collazo, con nº de persoal 5635, auxiliar de servizos internos adscrito á Tesourería Municipal, responsable da comisión dunha falta disciplinaria leve, tipificada no artigo 5, apartado c) do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, consistente na incorrección co público, superiores, compañeiros ou subordinados, a corrixir coa sanción de apercibimento ou dedución proporcional de haberes, recollida no artigo 8.3 da mesma norma.

SEGUNDO.- Impoñer ao mesmo a sanción consistente no apercibimento, a formular pola Xefatura da Área de Réxime Interior e o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, previa a notificación ao efecto, debendo levantarse acta por triplicado do citado acto de apercibimento, dispoñendo a incorporación dun orixinal da mesma ao expediente persoal do funcionario obxecto de expediente.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Comité de Persoal, Concelleiro-delegado da Área, Sr. Tesoureiro Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior e denunciante D. Fernando Santaló Rodríguez aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, temos e condicións do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente en defensa dos seus dereitos.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

17(1.669).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS RECÍPROCAS. EXPTE. 9734/541.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Tesoureiro Municipal, do 7.10.2010, do informe do titular da Asesoría Xurídica do 17.09.2010, e co informe da xefa de Fiscalización do 1.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que se achega que ten por obxecto a colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo para o establecemento dunha canle estable e permanente que facilite a ambas as institucións o cumprimento das súas obrigacións tributarias recíprocas.

2º.- Habilitar ao Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS RECÍPROCAS.

*Na cidade de Vigo, a ***** de ***** de dous mil dez.*

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez, maior de idade con D.N.I. 33.178.679-Y, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo, con domicilio na Praza do Rei, s/n., de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra parte, a Ilma. Sra. Dona Corina Porro Martínez, maior de idade, con D.N.I. 32.610.818-S, Presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, domiciliada en Vigo, Praza do Porto, 2, con CIF A-3667002-D, actuando en nome e representación do indicado Organismo Público, cargo para o que foi nomeado por Orde FOM/1171/2009, de 8 de maio (BOE nº 116, de 13 de maio de 2009), en uso das funcións que lle confire o artigo 41.2 a) da Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada parcialmente pola Lei 62/1997, de 26 de decembro.

Ambas as partes recoñécense a capacidade necesaria para convir e obrigarse nos termos do presente documento e, ao efecto,

EXPOÑEN

I. Que a Autoridade Portuaria de Vigo é unha Entidade de Dereito Público, con personalidade xurídica, patrimonio propio e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que foi creada ao amparo do establecido na Lei 27/1992, de 26 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997, de 26 de decembro e pola Lei 48/2003, de 26 de novembro, e Real Decreto 1590/92, de 23 de decembro, e que ten por obxectivos, entre outros, a ordenación da zona de servizo do porto e dos usos portuarios, en coordinación coas Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, así como a xestión do dominio público portuario e de sinais marítimos que lle sexa adscrito, e a optimización da xestión económica e a rendabilización do patrimonio e dos recursos que teñan asignados.

II. Que a Autoridade Portuaria de Vigo conta cunha serie de inmobles adscritos polo Ministerio de Fomento para o cumprimento dos seus fins que, de acordo co texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, teñen a cualificación a efectos catastrais de bens inmobles de características especiais.

III. Que de acordo co establecido no artigo 63 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante LHL), na súa redacción dada pola Lei 16/2007, de 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2008, desde esta data a Autoridade Portuaria de Vigo ten a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte no pago dos recibos e/ou liquidacións correspondentes a aqueles inmobles que teñan a cualificación de bens inmobles de características especiais e que se atopen adscritos á citada Entidade polo Ministerio de Fomento, en razón da superficie dos inmobles non afectada por concesións, polo que se atopa obrigada ao pago das débedas correspondentes.

IV. Que con anterioridade á entrada en vigor da Lei 16/2007, de 4 de xullo, e de acordo coa doutrina do Tribunal Económico Administrativo Central, a Autoridade Portuaria de Vigo non é suxeito pasivo do Imposto sobre Bens Inmobles respecto dos bens estatais adscritos e afectados ao seu servizo, sendo o suxeito pasivo do Imposto a Administración do Estado, concretada no Ministerio de Fomento.

V. Que de acordo co disposto no apartado 5º do artigo 61 da LHL, non se atopan suxeitos ao Imposto sobre Bens Inmobles os bens do dominio público marítimo-terrestre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.

VI. Que o Excmo. Concello de Vigo, para o cumprimento dos seus fins de servizo público, vén ocupando terreos situados no dominio público portuario, previa a oportuna concesión ou autorización, devengándose a favor da Autoridade Portuaria de Vigo, de conformidade coa Lei de réxime económico e de prestación de servizos dos portos, as correspondentes taxas pola utilización privativa do dominio público portuario.

VII. Que como consecuencia das sucesivas modificacións que viñeron afectando á normativa reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, así como á difícil interpretación gramatical da mesma, cuxa sintaxe o propio Tribunal Supremo chegou a cualificar, en ocasións, de “pésima e desastrosa”, faise necesario que, unha vez clarificada a normativa e concretadas as obrigacións tributarias recíprocas, establézase polas partes unha canle permanente e recíproco que facilite o seu cumprimento, á vez que sirva de medio para tratar de resolver as incidencias que poidan xurdir en relación coas mesmas, superando deste xeito a histórica controversia e litixiosidade existente entre ambas as Institucións no que ao recoñecemento das débedas recíprocas refírese.

En consonancia co exposto, as partes intervenientes, na representación que ostentan, formalizan o presente Convenio de Colaboración con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto a colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo, para o establecemento dunha canle estable e permanente que facilite a ambas as institucións o cumprimento das súas obrigacións tributarias recíprocas, en concreto, a cuantificación da débeda que a Autoridade Portuaria de Vigo mantén co Concello de Vigo polo Imposto sobre Bens Inmobles, e a que o Concello de Vigo mantén coa Autoridade Portuaria de Vigo pola Taxa por ocupación do dominio público portuario, así como o pago das mesmas dentro de cada exercicio orzamentario.

SEGUNDA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Para a execución do Convenio, así como para resolver as incidencias que poidan exporse respecto da interpretación e cumprimento do mesmo, constitúese unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do presente Convenio na que estarán presentes representantes de ambas as Institucións. En todo caso, formará parte da mesma o/a Tesoureiro/a Municipal do Concello de Vigo, o/a Directora/a de ingresos do Concello de Vigo, o/a Secretario/a Xeral da Autoridade Portuaria de Vigo, e o/a Xefe/a de o departamento económico-financieiro da Autoridade Portuaria de Vigo, podendo incorporarse á mesma a/s persoa/s designada/s polas respectivas Áreas ou Concellarías.

A comisión mixta de seguimento reunirse, como mínimo, unha vez ao ano, durante o mes de setembro de cada exercicio, así como, inicialmente, no prazo máximo dun mes desde a firma do presente Convenio.

TERCEIRA. DETERMINACIÓN DAS DÉBEDAS E CRÉDITOS

No seo da Comisión de Seguimento e Control procederase ao intercambio da información relativa ás débedas e créditos recíprocos que conste en cada unha das entidades, co obxecto da súa concreción e conciliación, así como á resolución de todas as discrepancias que puidesen xurdir ao redor da esixibilidade das débedas e os créditos, para o que poderán solicitar dos órganos de asesoramento xurídico de ambas as entidades os informes que estimen pertinentes.

No que respecta ás débedas antigas, para determinar a súa esixibilidade estarase á normativa vixente no momento do decheño de cada débeda respectando, en todo caso, os criterios xurisprudenciais consolidados existentes sobre a materia, en particular, a xurisprudencia do Tribunal Supremo relativa á exención das Autoridades Portuarias no pago do IBI ata o 31 de decembro de 1996, así como a doutrina do Tribunal Económico Administrativo Central relativa á consideración do Ministerio de Fomento como suxeito pasivo contribuínte do Imposto.

CUARTA. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

Concello de Vigo e Autoridade Portuaria de Vigo comprométese a incluír anualmente nos seus respectivos orzamentos a consignación orzamentaria necesaria para facer fronte ao pago das débedas a que se refire o presente Convenio de colaboración.

QUINTA. DO PAGO DAS DÉBEDAS RECÍPROCAS

O pago das débedas vencidas, líquidas e esixibles farase efectivo por medio da compensación, previo recoñecemento dos respectivos créditos, observando os requisitos e o procedemento prescritos pola normativa de aplicación.

A iniciativa do procedemento de compensación corresponderá ao Concello de Vigo, indicando a débeda e o crédito que van ser obxecto de compensación na cantidade concorrente. A notificación do inicio do expediente de compensación de oficio realizarase no mes de outubro de cada ano, unha vez que se reuniu a comisión mixta de seguimento.

No suposto de existir discrepancias respecto da esixibilidade dun ou varios créditos ou débedas, estes non serán incluídos no expediente de compensación.

As débedas non extinguidas por compensación abonaranse por transferencia bancaria a favor da entidade acreedora, do mesmo xeito que aquelas excluídas do expediente de compensación, unha vez resoltas as discrepancias que motivaron dita exclusión.

En calquera caso, o pago das débedas, sexa por compensación ou mediante transferencia bancaria, realizaranse con anterioridade ao 15 de decembro de cada exercicio orzamentario.

SEXTA. DURACIÓN

O prazo de duración do presente convenio será de cinco anos, podendo renovarse tacitamente por períodos anuais de non mediar denuncia por algunha das partes intervenientes cunha antelación de tres meses ao seu vencemento.

SÉTIMA. ENTRADA EN VIGOR

O presente Convenio terá efectos desde o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXO I

A título enunciativo, o número fixo e a dirección tributaria dos inmobles que constan no padrón do Imposto sobre Bens Inmobles de Características Especiais do ano 2010 cuxo pago corresponde á Autoridade Portuaria de Vigo son os seguintes:

Nº FIJO	DIRECCIÓN TRIBUTARIA
10080300	RU EDUARDO CABELLO, 66 Esc E 0 1
10080301	RU EDUARDO CABELLO, 68 Esc E 0 1
10100103	AV BEIRAMAR, 49 3 17
10100104	AV BEIRAMAR, 47 Esc E 0 16
10100106	AV BEIRAMAR, 43 Esc E 2 14
10100107	AV BEIRAMAR, 41 3 12
10100108	AV BEIRAMAR, 39 Esc E 2 11
10100138	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 9 Esc E 0 1
10100139	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 11 Esc T OD OS
10100140	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 13 Esc T OD OS
10100142	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 17 1 1
10100143	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 19 Esc T OD OS
10100144	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 21 Esc T OD OS
10100148	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 29 Esc E 0 3
10100151	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 33 Esc E 0 1
10100449	RU ISAAC PERAL, 39 Esc E 0 2
10100450	RU ISAAC PERAL, 41 Esc E 0 1
10100453	RU ISAAC PERAL, 47 Esc T OD OS
10100454	RU ISAAC PERAL, 49 Esc E 0 1
10100455	RU AREAL, Esc S UE LO
10111166	BX RIOS, Esc S UE LO
10124983	RU CONCEPCION ARENAL, 6 Esc T OD OS
10356430	RU AREAL, Esc T OD OS
10356431	AV BEIRAMAR, Esc E 0 6
10356432	AV BEIRAMAR, Esc E 0 36
10356433	AV BEIRAMAR, Esc E 0 1
10356434	AV BEIRAMAR, Esc E 0 1
10356436	RU CANOVAS DEL CASTILLO, 9 Esc T OD OS

10356545 RU EDUARDO CABELLO, Esc S UE LO
10413771 AV BEIRAMAR, Esc E 0 A
10481753 RU EDUARDO CABELLO, Esc S UE LO
10483412 RU AREAL, Esc T OD OS
10499042 AV BEIRAMAR, Esc E 0 40
10517760 AV BEIRAMAR, 2 Esc E 0 1
10531869 AV BEIRAMAR, Esc E 0 8
10531873 AV BEIRAMAR, Esc E 0 12
10531882 AV BEIRAMAR, Esc E 0 21
10531883 AV BEIRAMAR, Esc E 0 22
10531889 AV BEIRAMAR, Esc E 0 29
10531891 AV BEIRAMAR, Esc E 0 32
10531949 AV BEIRAMAR, Esc E 0 33
10531966 AV BEIRAMAR, 1 8
10531988 RU CANOVAS DEL CASTILLO, Esc T OD OS
10532002 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS
10535056 AV BEIRAMAR, 49 3 18
10535071 AV BEIRAMAR, 41 3 13
10535076 AV BEIRAMAR, 45 2 15
10535317 AV BEIRAMAR, 1 87
10535928 AV BEIRAMAR, 29 Esc 4 3 1
10535930 AV BEIRAMAR, 31 1 7
10535935 AV BEIRAMAR, 33 Esc 8 2 2
10535944 AV BEIRAMAR, 35 Esc 9 2 1
10535959 RU CANOVAS DEL CASTILLO, 17 Esc E 0 58
10535960 RU CANOVAS DEL CASTILLO, 17 Esc E 0 59
10536108 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS
10537407 RU AREAL, 37 Esc 1 0 1
10537417 RU CANOVAS DEL CASTILLO, 15 Esc T OD OS
10541041 RU EDUARDO CABELLO, Esc S UE LO
10541866 CM CACHARELA, Esc T OD OS
10547932 RU CANOVAS DEL CASTILLO, Esc T OD OS
10549493 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS
10554244 RU CANOVAS DEL CASTILLO, 0
10554245 RU CANOVAS DEL CASTILLO, 0
10556714 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS
10556718 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS
10556721 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS
10557016 RU EDUARDO CABELLO, Esc T OD OS

18(1.670).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dezaioito minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.